

XUVENTUDE CON INICIATIVA



INICIATIVA XOVE

E

VOLUNTARIADO XUVENIL

2012

XUNTA DE GALICIA



A participación e o asociacionismo facilitan que os mozos e as mozas se involucren na posta en marcha das súas propias ideas, así como na defensa dos seus dereitos e valores democráticos, solidarios, sociais..., mediante a manifestación dos seus intereses.

Tanto a participación coma o asociacionismo requiren dunha colaboración activa entre as persoas implicadas para a toma de decisións, xestión e execución, polo que consideramos importante poñer os medios e os lugares de encontro necesarios para facilitar a participación entre a mocidade.

É obxectivo da Consellería de Traballo e Benestar, a través da **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado** (en diante, DXXeV), acadar unha participación social activa e dinámica da xuventude que permita a creación de sinerxías que redunden nunha mellora das súas oportunidades e na súa calidade de vida.

Xuventude con iniciativa supón unha aposta polo potencial e polas capacidades da nosa mocidade, que se manifestarán sen dúbida a través dos proxectos realizados no ámbito dos programas Iniciativa Xove e Voluntariado Xuvenil.



iniciativa xove



Que é?

iniciativa xove

A DXXeV pon en marcha unha vez máis o programa Iniciativa Xove, unha liña de axudas para que os propios mozos e mozas poidades realizar proxectos e iniciativas interesantes que revertan na mocidade de hoxe. Poden xurdir dende as asociacións e entidades legalmente constituídas ou ben á marxe delas, a través dos grupos informais de mozos e mozas. Deste xeito, as actividades serán concibidas e desenvolvidas por vós mesmos, fomentando a participación e promovendo a axeitada utilización do lecer, a calidade de vida e o benestar, a través dos proxectos integrais e específicos de actuación que propoñades.

Estas iniciativas xuvenís son proxectos dirixidos á mocidade da Comunidade Autónoma de Galicia e se poderán desenvolver dende o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro do 2012.



Quen pode solicitar estas axudas?

● Os grupos informais de mozos e mozas que desexen realizar un proxecto de iniciativa xuvenil e que reúnan os requisitos indicados na orde de convocatoria. O grupo ha de estar formado por un mínimo de 5 e un máximo de 10 mozos/as, con idades comprendidas entre os 18 e os 29 anos. (O incumprimento das condicións suporá a non admisión a trámite da solicitude de axuda).

● As asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á mocidade sen ánimo de lucro e as federacións, para o que será necesario que estean inscritas no censo oficial da DXXeV no momento da solicitude.

Áreas nas que se poden solicitar

Serán **áreas de atención prioritarias** para as iniciativas ou proxectos xuvenís nesta convocatoria as que se enmarquen nos seguintes eidos:

- Ocio e lecer educativo.
- Creación de espazos para a comunicación e novas tecnoloxías.
- Fomento de actitudes creativas, emprendedoras, innovadoras e participativas dos mozos e mozas na súa comunidade e no seu ámbito.
- Fomento da accesibilidade dos mozos e das mozas con discapacidade a actividades culturais e de tempo de lecer.





Que é subvencionable e que non é?

- As actividades realizadas dende o **1 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2012.**
- Os proxectos enmarcados preferentemente dentro das áreas prioritarias.
- As persoas ás que se dirixe o proxecto estarán **entre os 12 e os 35 anos.**
- Non son subvencionables os proxectos docentes e deportivos (entre outros).
- No caso de proxectos con formación, esta non poderá exceder do 10% do total.
- Só se admite un proxecto por solicitante e o orzamento total non pode ser superior a **4.000 €.**
- Esta axuda é incompatible con calquera outro tipo de axuda pública ou privada para a mesma finalidade.
- Non se subvencionan os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que teña unha relación laboral dependente das persoas ou entidades beneficiarias, nin honorarios profesionais ou remuneracións de calquera clase das persoas ou entidades impulsoras do proxecto.
- Poderedes subcontratar a realización dunha actividade ata unha porcentaxe non superior ao 50% do proxecto que se subvencione.



Como se poden solicitar?

- Cubrir e entregar o anexo I-A en caso de entidades, e o I-B para os grupos informais, e engadir a documentación necesaria que se indica na orde.
- Presentar a documentación nun rexistro oficial, ou ben electronicamente no enderezo: <https://sede.xunta.es>
- O prazo de presentación será dun mes dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Concesión de axudas

- Para ter acceso á axuda é preciso obter un mínimo de 50 puntos na avaliación técnica dos proxectos.
- A concesión das axudas farase seguindo a orde de prelación pola puntuación obtida, ata esgotar o crédito correspondente en cada caso. Unha vez distribuído e esgotado o crédito, aquelas solicitudes que non obtivesen axuda, aínda que teñan cincuenta ou máis puntos, entrarán nunha lista de reserva, por se algunha das concedidas renuncian.



Xustificación das axudas

- Cando se vos notifica a resolución, teredes un prazo de dez días hábiles para facer unha aceptación expresa, para o que debedes enviar o anexo V á DXXeV.
- Teredes **ata o 5 de outubro de 2012** para xustificar o 100% do proxecto, na forma que se indica na orde.
- Admítense os pagamentos con tarxeta de crédito/débito se está asociada á conta da entidade ou, no caso dos grupos informais, se a titularidade é dalgún dos membros deste. En ningún outro caso se admitirán pagamentos mediante tarxeta.
- Se cando xustificades os gastos o importe é inferior ao orzamento inicial, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.
- É imprescindible achegar a memoria económica final na que se explique a vinculación de cada gasto executado co proxecto subvencionado.







Que é?

A DXXeV continuará en 2012 co denominado **“Servizo de Voluntariado Xuvenil”**, posto en marcha en 2011, e que consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e/ou aos concellos e mancomunidades de municipios que estean inscritos no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia a mozos e mozas galegos de entre 18 e 30 anos para a súa colaboración como voluntarios/as na realización de proxectos de voluntariado a executar polas ditas entidades.

Os proxectos de voluntariado que se realicen ao abeiro deste programa deberán desenvolverse dentro dalgunha das áreas de actuación establecidas no Plan Galego de Voluntariado 2011-2014, dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2012.



Quen pode solicitar estas axudas?

- As entidades de acción voluntaria e os concellos e mancomunidades de municipios que estean legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de Acción Voluntaria na data de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

Áreas nas que se poden solicitar

Serán áreas de atención prioritarias para os proxectos de voluntariado enmarcados no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil as seguintes:

- Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- Actividades de recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas.
- Actividades co colectivos en situación de risco
- Actividades xuvenís.
- Actividades ambientais.
- Actividades relacionadas coa igualdade de xénero.
- Actividades relacionadas co Ano Europeo do Envellecemento Activo



Que é subvencionable e que non é?

- As actividades realizadas dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2012.
- Os proxectos enmarcados preferentemente dentro das áreas prioritarias.
- Os proxectos de voluntariado subvencionables deberán ser executados por mozos e mozas galegos de entre os 18 e os 30 anos.
- Os proxectos de acción voluntaria subvencionables deberán ter unha duración comprendida entre os 15 e os 60 días.
- Non se subvencionarán máis de oito persoas por proxecto, que deberán manter a súa acción voluntaria durante toda a duración deste.
- Nos proxectos deberá facerse constar o nome das persoas voluntarias que os van realizar así como o número de días que van empregar, de un mínimo de 15 a un máximo de 30 días.
 - Serán conceptos subvencionables os gastos realizados polas persoas voluntarias no desenvolvemento das súas accións voluntarias, a razón de 10 euros por voluntario e día, dos cales 8 euros se destinarán á persoa voluntaria para cubrir os custos de desprazamento e manutención, mestres que os 2 euros restantes serán para a entidade, co fin de lle satisfacer os gastos do seguro de accidentes e responsabilidade civil das persoas voluntarias.
 - Nos proxectos deberá calcularse o importe solicitado, tendo en conta o número de voluntarios e os días que estes desenvolverán a súa acción voluntaria, de acordo coas cifras do punto anterior.



Como se poden solicitar?

- Cubrir e entregar o anexo I-A en caso de entidades, e o I-B para os grupos informais, e engadir a documentación necesaria que se indica na orde.
- Presentar a documentación nun rexistro oficial, ou ben electronicamente no enderezo: <https://sede.xunta.es>
- O prazo de presentación será dun mes dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Concesión de axudas

- Para ter acceso á axuda é preciso obter un mínimo de 50 puntos na avaliación técnica dos proxectos.
- A concesión das axudas farase seguindo a orde de prelación pola puntuación obtida, ata esgotar o crédito correspondente en cada caso. Unha vez distribuído e esgotado o crédito, aquelas solicitudes que non obtivesen axuda, aínda que teñan cincuenta ou máis puntos, entrarán nunha lista de reserva, por se algunha das concedidas renuncian.

Xustificación das axudas

- Unha vez notificada a resolución de subvención ábrese o prazo de dez días hábiles para a súa aceptación expresa, que se converterá en tácita se transcorrido o dito prazo non houbera tal manifestación expresa.
- O prazo para xustificar a totalidade do proxecto remata o 20 de outubro de 2012.
- Para a xustificación da axuda concedida é preciso cubrir o Anexo IV da Orde.
- Os gastos xerados polas persoas voluntarias no desenvolvemento das súas accións xustificaranse pola entidade mediante a presentación dos correspondentes xustificantes de ingresos bancarios.
- En caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao orzamento total do proxecto presentado coa solicitude, a contía da axuda será minorada na mesma porcentaxe.



Para máis información dos programas



iniciativa xove

Teléfonos: 981 544 866
981 957 057

Enderezo electrónico:
subdireccion.programas@xunta.es



Teléfonos: 981 957 915
981 957 914

Enderezo electrónico:
voluntariado@xunta.es



podes consultar toda a información en:



xuventude.net



**XUNTA
DE GALICIA**